

Le o texto con moita atención.

Primeiro fai unha lectura rápida; despois, volve lelo amodiño, fixándote ben en todos os detalles, para poder responder as preguntas sen miralo.


MÁIS XOGOS E MENOS XOGUETES

Segundo unha recente enquisa internacional, os nenos son grandes consumidores. Elixen produtos e marcas tanto en alimentación como en roupa ou en xoguetes. En tempo de crise económica, parécenos oportuno reflexionar sobre este consumismo.

Os nosos fillos teñen moitos, moitos xoguetes. Seguramente demasiados. Cada ano, os Reis, Papá Noel e a xenerosidade de toda a familia fan que se nos acumulen trastes, caixas, bonecos, construcións... Logo están os caprichiños: os nenos obteñen un xoguete novo case cada semana: nas tendas de todo a un euro, nas promocións dos restaurantes, etc. Eles acumulan e acumulan. Sorpréndense ante a novidade, pero ao pouco tempo quedan aburridos dela e xa están desexando outra cousa máis. Parece que se volveron insaciáveis. É unha consecuencia da publicidade.

Pero, en realidade, eles botan de menos xogar en familia. Prefiren xogar cunha persoa antes que facelo sós cun xoguete marabilloso. Os nenos, ás veces, están moi sós entre tantos xoguetes. Algúns son capaces de xogar sós durante horas, tecendo aventuras coa súa imaxinación. Pero a maioría necesita unha persoa, un verdadeiro «xoguete interactivo»: seu pai, súa avó, súa tata, seu irmanciño maior... E diso non se aburren.

<http://botons.eu/2013/01/09/mas-xogos-e-menos-xoguetes/> (adaptación)



1 Segundo o texto, como obteñen os rapaces a maioría dos xoguetes? Subliña as respostas correctas:

- a) Comprándoos cos seus aforros.
- b) Son regalos da familia.
- c) Recíbenos como premio dos profesores polas súas boas notas.
- d) Regálanllos nas festas de Nadal.
- e) Conséguenos en forma de caprichiño semanal.

2 Quen provoca que axiña se aburran do que teñen e queiran algo máis? Marca cun X a resposta correcta:

- o egoísmo a necesidade a publicidade os pais

3 Realmente son felices con tantos xoguetes? Por que?

.....

.....

4 Relaciona as palabras do recadro coa súa definición:

- a) : Conxunto de preguntas que se fan sobre un tema.
- b) : Gasto excesivo para adquirir cousas.
- c) : Que permite a relación entre dúas ou máis persoas.
- d) : Situación económica de escaseza.
- e) : Calquera obxecto vello ou que xa resulta inútil.
- f) : Que non se farta nunca.

crise
insaciable
enquisa
traste
interactivo
consumismo

5 Que prefires ti? Marca as opcións coas que máis te identifiquen:

- Gústame xogar eu só/soa cos meus xoguetes.
- Pásoo mellor xogando coa familia ou cos amigos que só/soa cos meus xoguetes.
- Xogo pouco cos meus xoguetes porque me aburro enseguida.
- Non teño demasiados xoguetes, pero chéganme para pasalo ben xogando con eles.
- En canto vexo un xoguite novo que anuncian na tele, xa o quero para min.



1 Completa coa palabra do recadro que corresponda en cada caso:

- a) O pai da miña nai é o meu ; e para el, eu son o seu
- b) A irmá do meu pai é a miña ; e para ela, eu son o seu
- c) Os fillos dos irmáns da miña nai son os meus
- d) A nai de meu pai é a da miña nai.

tía
curmáns
avó
sogra
sobriño
neto

2 Escribe esta oración substituindo as palabras subliñadas por cadanseu sinónimo:

Preto da casa dos meus avós hai un parque moi fermoso.

- Agora, volve escribila substituindo as palabras subliñadas polos seus antónimos:

3 Subliña os enunciados que son oracións:

Que lambón é Xulio!
Moito gusto.

Estás de broma?
Teño sono.

Ai de min!
E ti por aquí?

4 Clasifica as seguintes oracións en enunciativas, exclamativas ou interrogativas:

- Que fría está a auga!
- Canta custa esa colonia?
- Non queres bañarte na piscina?
- O cuarto de baño desa casa é moi grande.

5 Rodea a sílaba tónica destas palabras:

madriña	nacer	bebé	irmán
bisavó	filla	bico	cóxegas

- Subliña as palabras agudas.